



Tomás Boullosa Moure, concelleiro do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 24/09/08

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 26 de decembro de 2007 a Corporación Municipal de Vilaboa acordou, a instancias do grupo municipal do BNG e mediante acordo plenario por unanimidade, solicitar á Consellería de Medio Ambiente o financiamento e execución do "PROXECTO CONSTRUCTIVO DE SENDA VERDE E REXENERACIÓN AMBIENTAL DO LEITO DO RIO COCHO-TOXAL. VILABOA. PONTEVEDRA."

Este proxecto entrou no Concello de Vilaboa, á iniciativa da Asociación Vaipolorio, no ano 2005 e non foi remitido ao organismo autónomo "Augas de Galicia" ata o ano 2006.

Este proxecto xa está executado no concello de Pontevedra e no seu día non se entendeu moi ben por parte dos veciños de Vilaboa que non se executara no noso concello.

Por todo isto SOLICITA:

Primeiro. O Concello de Vilaboa dirixirase á Consellería de Medio Ambiente para solicitar a sinatura dun convenio para levar a cabo a execución deste proxecto.

Vilaboa, 23 de setembro de 2008

Tomás Boullosa Moure
Concelleiro

SR. ALCALDE DE VILABOA